

LUIS GARCÍA BERLANGA

CINE E EMIGRACIÓN

João CANIJO

FESTIVAL EUROÁRABE AMAL

FÓRA DE SERIE

OFF GALICIA

CGAI JÚNIOR

XUNTA DE GALICIA

LUIS GARCÍA BERLANGA

En colaboración con Filmoteca Española e IVAC-La Filmoteca de Valencia.

O empeño de Filmoteca Española e IVAC-La Filmoteca de Valencia por conservar e restaurar a obra do cineasta español Luis García Berlanga (1921-2010), permite unha completa retrospectiva do seu cine, con copias nas mellores condicións, dous anos despois do seu falecemento.

Figura esencial na historia da nosa cinematografía, Berlanga aparece, dono dun particular talante enmarcado nun medio complexo, como diplomado en realización no Instituto de Investigaciones y Experiencias Cinematográficas (IIEC). Logo de asinar as fábulas de tinturas neorrealistas -derivadas da breve e fértil colaboración con Juan Antonio Bardem- *Esa pareja feliz* (1951) ou *¡Bienvenido, Mister Marshall!* (1952), a súa produción pasa inmediatamente a un progresivo endurecemento e carácter autenticamente liberador. Pezas maxistras como *Plácido* (1961) e *El verdugo* (1963) semellan ocultar non só outras moitas obras valiosas, senón tamén a sociedade na que se desenvolve, as dificultades permanentes coa censura e coas administracións que o levan a renunciar a infinidad de proxectos -uns 40- e a realizar en Francia *Tamaño natural* (1973), o máis desesperanzado dos seus títulos, narración dos amoríos entre un burgués de boa posición (o gran Michel Piccoli) e unha boneca. A supresión da censura posterior ao fin da ditadura axudou a Berlanga a construír novas e audaces metáforas da rapina humana, coa triloxía da familia aristocrática Leguineche comezada con *La escapeta nacional* (1978) como emblema. Sainete con doses de esperpento, enxeñoso retrato de grupo de ponderada pericia estilística, exemplificaba a desinhibición e o espírito satírico do seu autor, conformando saga histórica, éxito crítico e fenómeno sociolóxico.

Nin beato, nin moralista, nin testamenteiro do progresismo, o cine de Berlanga diseña con sumo coitado na dimensión formal -lendarios os elaborados planos secuencia que acadan o xenial en *Patrimonio nacional* (1980) invalidando toda acusación de desamaño formal- a mesquindade, a traizón e o desamor, ao tempo que amosa comprensión cara ao individuo, vergoñoso e entrañable. Enmascarando a súa personalidade e con extrema lucidez, el mesmo -"fanfurríneiro negativo" en expresión de Bardem- era consciente dos seus gustos e logros. Alto, amable, contraditorio e con mellor memoria da que dicía ter, a posteridade permitirá recuperar obras magnas como a moi negra e turbadora *¡Vivan los novios!* (1969) e *Patrimonio nacional*. A comicidade máis grossa impregna a súa produción a partir de *Nacional III* (1982) e os parabéns oficiais (premios Goya) chegan por medio de *¡Todos a la cárcel!* (1993), despois de cumprir co seu vello proxecto sobre a guerra civil, *La vaquilla* (1985). A testamentaria *París-Tombuctú* (1999), antoloxía do seu cine e recuperación de Michel Piccoli, aínda amosaba o vigor dun gran cineasta, esbozando un itinerario irrepitible polo absurdo da existencia.

Son moitos os feitos polos que o seu cine atinxe o maxistral: o aproveitamento das tradicións culturais en sabia convivencia con elementos modernos; a asimilación de rostros e tipoloxías xenéricas populares integrados en valentes composicións corais; a singular reunión de motivos temáticos e filias; a sólida formación dun imaxinario de fantasías e mitos converxentes cos acentuados perfís do español do momento; a interrogación escéptica sobre o suxeito.

A aparición sorprendente dunha veta de traballos dirixidos por outros emanados da súa escritura compartida con Rafael Azcona -*Alla mia cara mamma nel giorno del suo compleanno* ou *Una noche embarazosa*-, as colaboracións como actor, a supervisión dun proxecto atractivo (logo truncado) para TVE como *Se vende un tranvía* (1959), a condición de experto erotómano con consecuencias editoriais e o labor de lanzador de proxectos como *El inquilino* (1957) e *Tenemos 18 años* (1958), sitúan a Berlanga como figura esencial da nosa Historia cultural. Labores como a de profesor da Escola Oficial de Cine ou director da daquela Filmoteca Nacional, sumado a peripecias persoais propias da época que lle tocou vivir (combatente na División Azul) revelan a complexa e inesquecible dimensión de quen foi sutil oficiante do caos, un observador irónico que entendeu que o sentido trágico da existencia (española) só podía ter, á maneira do esperpento, unha deformación subversiva das formas.

Agradecementos: Share Total, Video Mercury, Fernando Riera, José Luis Arbona, Arturo Marcos, Impala, Estela Films, José Antonio Hurtado, Cristina Bernáldez, Inmaculada Trull, Filmoteca de Cataluña, Joana Raja.

JOÃO CANIJO

En colaboración con Cineuropa.

João Canijo (Lisboa, 1958) explica sempre que pode que toda a súa obra tenta ser un reflexo da realidade social do Portugal do seu tempo sen necesidade de ter que amosar todo aquilo que marca e condiciona o lugar. Referíndose en ocasións ao seu último filme, *Sangue do meu sangue* (2011), premio FIPRESCI en San Sebastián, Canijo escolle momentos dos seus personaxes e do tempo en que viven, porque "para dar fe dunha realidade concreta non é necesario ensinar todo para que algo fique". Así funciona a particular idiosincrasia deste realizador, formado como asistente de dirección e director de produción en títulos de Manoel de Oliveira (*A caixa; O convento*) ou Wim Wenders (*El estado de las cosas*) e Werner Schroeter (*Der Rosenkönig*) rodados en terras portuguesas.

A súa primeira película, *Três menos eu*, bosqueja algúns dos aspectos fundamentais da súa posterior filmografía. No ámbito temático centra a atención nos diversos membros dunha mesma familia: vidas desmembradas unidas por un estilo cinematográfico que apela indistintamente á modernidade como ao clasicismo do melodrama e o folletín. En *Sapatos pretos* (1998) explora as diferenzas entre o campo e a cidade a partir dunha historia de vernices criminais baseada en feitos reais. Pola contra, as súas dúas películas seguintes describen con aberto ton naturalista os arrabaldes urbanos: con *Ganhar a vida* (2001), ambientada nos barrios baixos de París, volve ao núcleo familiar para amosar outra relación nai/fillo, e en *Noite escura* (2004) analiza os negocios da prostitución e as mafias rusas. Ambos e dous filmes teñen como coguionista a Pierre Hodgson, colaborador de Philippe Grandrieux en *Sombre*. *Mal nascida* e *Sangue do meu sangue* inciden na mesma liña, co melodrama como continente e a familia como contido. No terreo documental, Canijo realiza dous interesantes filmes. *Fantasia lusitana* é un traballo con material de arquivo que retrata un Portugal contraditorio durante a Segunda Guerra Mundial. *Trabalho de atriz, trabalho de actor* (2011) resulta algo máis que un complemento de *Sangue do meu sangue*, en absoluto un making off desta peza, senón un ensaio didáctico que permite ver como Canijo e os seus actores elaboran conxuntamente as características esenciais dos personaxes e da trama. O CGAI, en colaboración con Cineuropa, fai unha escolma dos seus traballos.

Agradecementos: João Canijo, Midas Filmes, Instituto Camões.



FESTIVAL AMAL

En colaboración coa 10ª edición do Festival Internacional de Cine Euroárabe Amal.



Co lema "Dez anos dando voz aos que son enmudecidos", entre o 14 e o 20 de outubro celebrouse a décima edición do Festival Amal (Santiago de Compostela), certame que proxectou desde os seus comezos máis de trescentos títulos producidos ou co-producidos por países árabes. Unha selección de títulos, sobre as máis de trinta longametraxes e curtas de ficción e non ficción que concursaron na edición deste ano, permite ao espectador do CGAI gozar dunha programación singular, que vai do descubrimento da chegada da electricidade a Marrocos á inmigración europea ou o papel das mulleres nas culturas musulmá. Filmes que nos falarán dos países árabes, da súa xente, dos seus costumes e das súas preocupacións, que resaltarán o poder da amizade, do sentido do humor e das conviccións nun mundo no que tomar a palabra recobra o seu sentido orixinal: o de transformar o cine nun acto e nunha reivindicación.

CINE E EMIGRACIÓN

Organizado co Consello da Cultura Galega.



Ciclo promovido polo Consello da Cultura Galega co fío condutor das relacións cine-emigración e dous epicentros ben sinalados. Por unha banda, recolleemos o apuntamento histórico autóctono facilitado a través das imaxes do NO-DO -un documental, *Aires de mi tierra* (1958) e unha nova sobre emigrantes en Vigo-, rexistro acaparador da imaxe documental no período da ditadura franquista, ou da longametraxe *Tierra de nuestros mayores* (1960), do pontevedrés afinado en Uruguai Manuel Arís, emblema do documento da emigración ou material de correspondencia cinematográfica galega destinado ao público residente en Latinoamérica. A última película de Margarita Ledo, *A cicatriz branca* (2012), contribúe a recuperar de xeito fascinante as pisadas, xestos, ecos e lugares dos fluxos migratorios galegos na Arxentina mesturando sabiamente ficción e fondo documental.

O outro motor deste ciclo pasa polo desprazamento físico, antropolóxico e vivencial aos Estados Unidos. Un filme premiado en Rotterdam e San Sebastián, *Norteados* (2009) de Rigoberto Pérezcano ou o percorrido sobrevivente desde México, e mais senllas pezas de culto que acaban de exhibir respectivamente a súa versión completa e a restaurada en prestixiosos certames (Venecia; Cannes e Locarno): *La puerta del cielo* (1980) de Michael Cimino e *Érase una vez en América* (1984) de Sergio Leone. O filme de Cimino, fermosa e poética superproducción, conducía á creba á United Artists ao tempo que era dolorosamente mutilado. Ofrece un relato que socava a idealización de Estados Unidos como terra de promisión co retrato do inmigrante (neste caso da Europa do Leste) entendido como paria e/ou chibo expiatorio. En *Érase una vez en América*, o inmigrante, aquí de orixe hebrea, aparece caracterizado de xeito complexo, abocado tantas veces á figura do arribista, o delincvente ou o home de negocios. Leone, último filme da súa coherente traxectoria, finalizaba a ambiciosa triloxía "Once upon a time" -despois de *Hasta que llegó su hora* (1968) e *¡Agáchate, maldito!* (1971)- cun retablo completo e memorable do século XX.

Agradecementos: Margarita Ledo, Silvia Roca.

MARTES



novembro 18.00 e 20.30 h
06 Festival Amal **Rabat**
 Jim Taihuttu e Victor Ponten, 2011. 102'. Vídeo. Subt. castelán

MÉRCORES

novembro 18.00 e 20.30 h
07 Festival Amal **Eid** (Saaheb Collective, 2011)
Le thé ou l'électricité (Jérôme Le Maire, 2011)
 102'. Vídeo. Subt. castelán

XOVES

novembro 18.00 e 20.30 h
08 Festival Amal **House** (Ahmad Saleh, 2011)
Partage (Salah Ghuwedr, 2010)
Sur la route du paradis (Uda Benyamina e Malik Rumeau, 2011)
 56'. Vídeo. Subt. castelán.

VENRES

novembro 18.00 e 20.30 h
02 Festival Amal **Bromas aparte**
 (Vanessa Rousselot, 2010)
Waiting (Naël Khleifi, 2011)
 99'. Vídeo. Subt. castelán.

novembro 18.00 e 20.30 h
09 Festival Amal **Living in the Nile**
 (Mohammad El Wassify, 2010)
Beirut, Buenos Aires, Beirut (Hernán Belón, 2011)
 94'. Vídeo. Subt. castelán.

SÁBADO

novembro 18.00 horas
03 Off Galicia: **Abelardo Rendo Sulfato** (2008)
O marco (2010)
Mph Mann (2011)
 76'. Vídeo. Presentación do seu autor. Entrada de balde.

novembro 18.00 horas
10 Off Galicia **Pezas gañadoras concurso Xuventude Crea 2012**
 29'. Vídeo. Presentación a cargo dos seus autores. Entrada de balde.

novembro 18.00 e 20.30 h
13 Luis G. Berlanga **El circo** (1950)
Esa pareja feliz (Luis G. Berlanga e J. A. Bardem, 1951). 98'.

novembro 18.00 e 20.30 h
14 Luis G. Berlanga **Bienvenido, Mister Marshall** (1952). 78'.

novembro 18.00 e 20.30 h
15 Luis G. Berlanga **Novio a la vista** (1954). 83'.

novembro 18.00 e 20.30 h
16 Luis G. Berlanga **Calabuch** (1956)
 96'.

novembro 18.00 horas
17 Off Galicia: **Traducid, malditos! Proxección pezas Galicieiras, Charlie Behrens e Henry Butcher** (1994-2012)
 57'. Vídeo/Súper 8. Presentación polos seus autores. Entrada de balde.

novembro 18.00 e 20.30 h.
20 Luis G. Berlanga **Los jueves milagro** (1957)
Se vende un tranvía (1959)
 118'.

novembro 18.00 e 20.30 h.
21 Emigración **Aires de mi tierra** (NO-DO, 1958)
Noticiero 930 A (NO-DO, 1960)
Tierra de nuestros mayores (Manuel Arís, 1960)
 90'. Vídeo. Entrada de balde.

novembro 20.30 horas
22 Emigración **La puerta del cielo**
 Michael Cimino, 1980.
 216'. Subt. castelán. Entrada de balde.

novembro 18.00 horas
23 Emigración **La puerta del cielo**
 Michael Cimino, 1980.
 216'. Subt. castelán. Entrada de balde.

novembro 18.00 horas
24 CGAI Júnior **Cuentos de Canadá** (VV.AA., 1966-1988)
 50'. Vídeo. Versión castelá. Entrada de balde.

novembro 18.00 e 20.30 h
27 João Canijo **Sapatos pretos** (1998). 97'.

novembro 18.00 e 20.30 h
28 João Canijo **Trabalho de actriz, trabalho de actor** (2011)
 84'. Vídeo.

novembro 20.00 horas
29 João Canijo **Sangue do meu sangue** (2011)
 191'. DCP. Subt. castelán. Presentación a cargo do seu autor. Entrada de balde.

novembro 18.00 e 20.30 h
30 João Canijo **Ganhar a vida** (2001)
 115'. Subt. castelán.

decembro 18.00 horas
01 Off Galicia: **Alber Ponte Demasiado lejos** (2010)
Me llamo Rama (2011)
You know where I am (2012)
Los pájaros perdidos (2012)
 73'. Vídeo. Presentación polo seu autor. Entrada de balde.

decembro 18.00 e 20.30 h
04 João Canijo **Noite escura** (2004)
 94'.

decembro 20.30 horas
05 Emigración **Érase una vez en América**
 Sergio Leone, 1984. 229'. Subt. castelán. Entrada de balde.

decembro 18.00 horas
07 Emigración **Érase una vez en América**
 Sergio Leone, 1984. 229'. Subt. castelán. Entrada de balde.

decembro 18.00 e 20.30 h.
11 Emigración **Norteados**
 Rigoberto Pérezcano, 2009.
 95'. Entrada de balde.

decembro 20.30 horas
12 Emigración **A cicatriz branca.**
 Margarita Ledo, 2012. 92'. DCP. Presentación a cargo da súa autora. Entrada de balde.

decembro 18.00 e 20.30 h
13 Luis G. Berlanga **Plácido** (1961)
 85'.

decembro 18.00 e 20.30 h
14 Luis G. Berlanga **Las cuatro verdades**
 René Clair, Alessandro Blasetti, Luis García Berlanga e Hervé Bromberger, 1962.
 114'.

decembro 18.00 horas
15 Off Galicia **Fraga y Fidel sin embargo**
 Manuel Fernández-Valdés, 2012.
 98'. Vídeo. Presentación a cargo do seu autor. Entrada de balde.

decembro 18.00 e 20.30 h.
18 Luis G. Berlanga **El verdugo** (1963)
 87'.

decembro 18.00 e 20.30 h
19 Luis G. Berlanga **La boutique** (1967)
 88'.

decembro 18.00 e 20.30 h
20 Luis G. Berlanga **¡Vivan los novios!** (1969). 83'.

decembro 18.00 e 20.30 h
22 Luis G. Berlanga **Tamaño natural** (1973). 101'.


decembro 18.00 horas
23 CGAI Júnior **Arthur Christmas: Operación Regalo**
 Sarah Smith e Barry Cook, 2011.
 100'. Vídeo. Versión castelá. Entrada de balde.



CGAI  CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
 FILMOTECA DE GALICIA

Programación | 219 |
novembro
decembro | 2012 |

Información xeral
 Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración das películas é orientativa e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez iniciada a sesión non se permitirá a entrada á sala de proxeccións. As sesións de Capacidade Limitada teñen reservadas un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas con  sofren modificacións sobre os horarios habituais.

Prezo da entrada
 • Xeral: 1'20 €
 • Carné Xove: 0'60 €
 • Aboamento para 10 sesións: 9 €
 • As sesións de Entrada Gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes

de comezar a sesión (non se venden entradas por anticipado). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
 CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270
 Fax: 881 881 271
 E-mail: programacion@cgai.org documentacion@cgai.org

Subtitulado en galego
 Subtitula'm S.L.

Información adicional
 www.cgai.org

 XUNTA DE GALICIA

 galicia